

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 15 DE FEBREIRO DO 2024.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA FURONES RAMOS JUAN LUIS
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 13:00 do día Quinze de Febreiro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/02/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/160

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/02/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2024"



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/011

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 31/01/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN, ABASTECIMIENTO E PLUVIAIS EN RÚA DA CAPELA (CARREIRA)””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/083

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/02/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE -HORTA DO CURA- E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/084

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/02/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO CURBELO (AGUIÑO)”

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/109

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/02/2024. DECRETO: “CORRECCIÓN DE ERROS NA ACTA 4 DE EXAME E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POLAS EMPRESAS QUE PRESENTARON OFERTAS ECONÓMICAS CONSIDERADAS, EN PRINCIPIO, ANORMALMENTE BAIXAS, COMO XUSTIFICACIÓN DAS MESMAS E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS QUE RESULTEN ADMITIDAS E, NO DECRETO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NÚMERO 202402/083 DE DATA 06/02/2024, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE -HORTA DO CURA- E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/121

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO (AGUIÑO)””



8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/140

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/02/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DESARROLLO DE INTEGRACIÓN CON CARPETA CIUDADANA" LÍNEA 5. PRTR."

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21889 21.09.2023 CENTRO RECREATIVO DE ARTES, obras de reposición da cuberta da sala de usos múltiples e etnográfica, no lugar de Sego, Artes.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17724 27.07.2023 STOLT SEA FARM S.A., instalar un contenedor de bioseguridad, no lugar de Couso.

11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Rosa María García Olveira

Visto o escrito presentado por **Rosa María García Olveira**, de data 30/11/2023 (Registro de entrada nº 27.776), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A938003160000US.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 08/02/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202300027776 do día 30 de novembro de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A938003160000US, no seu plano 8.34. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Deán Grande-Carballiños), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural, estando parte da parcela cualificada coma solo de núcleo rural pouco consolidado (SNR-C), artigo 135 do PXOM, e outra porción de parcela coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas, (SNR-B), artigo 134 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.C., artigo 135 do PXOM:**

Comprende esta norma zonal aquelas áreas nas que existen indicios de residencia agraria e que con obxecto de que se integren no ámbito do núcleo rural existente, limítanse as súas posibilidades de desenvolvemento denso, podendo admitirse a súa edificación en baixa densidade de forma que non se poida xerar outro núcleo de poboación.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- ampliación
- Obra nova.

USOS GLOBALES CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES Y PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada. Manteráse o tipo de edificación existente no entorno, non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN



CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 800 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, pero se permitirá computar aquelas partes da parcela que estivesen dentro de outro tipo de solo rústico. Non obstante a posición da edificación quedará enteiramente dentro da área desta norma zonal.

Fronte mínima: Será de 10 m.

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: A posición da edificación quedará recuada:

Respecto aos lindeiros 3 metros, se permitirá acaroar a lindeiros nos casos nos que exista edificación anterior á publicación desta normativa, ou ben, previo acordo cos colindantes esixindo documento que o acredite.

A aliñación serán as liñas de peche segundo a vía resultante de ordenación do sistema viario do termo municipal.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 25 % da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,35 m²/m²

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: BAIXO + UNHA, permitíndose a utilización do baixo cuberta, computando edificabilidade todos aqueles especiais de altura superior a 1,50 m. Permítese ademais a construción de planta soto.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 sobre o último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voos sobre as fachadas, cunha dimensión máxima de 0,9 m, debendo ser acristaladas nun 80% da súa superficie.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizará sobresair sobre os voos permitidos con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación a partir de 30 m². Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,3 metros.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.



A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con grande proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase utilizar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase cos ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

Conservación das masas arbóreas: As edificacións da parcela tipo c, deberán conservar as masas arbóreas, permitíndose talar unicamente o espazo necesario para as edificacións de nova planta.

APARCAMENTOS.

Esixirase a creación dun aparcamento, dentro do terreo da propia parcela, por cada vivenda, con acceso desde a vía rodada, podendo estar cuberto ou non.

- **Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do XPOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas las áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación esta ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS



Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada a la parcela contigüa se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por encima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos



diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza extraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

Segundo o artigo 90 do PXOM, cando nunha parcela concorran diferentes cualificacións do solo , terase en conta a que corresponda ca ubicación da edificación, podendo computarse o resto do solo que presente distinta cualificación, se ben, ficará vinculado ao edificio. Se a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do mais esixente.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais

12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Francisco Romay Sieira

Visto o escrito presentado por **Francisco Romay Sieira**, de data 05/02/2024 (Rexistro de entrada nº 2.957), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A902017080001IZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 07/02/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES



Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400002957 do día 5 de febreiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A902017080001IZ, nos seus planos 7.1. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Corrubedo), a escala E:1/2000 e de 2.10 de Ordenación básico do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais sistema viario, a escala E:1/5.000, en dúas porcións de terreos con diferente clasificación urbanística, estando a primeira zona situada mais cara o noroeste clasificada coma como solo urbano, Ordenanza 6.3.A, Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, e a restante parcela coma solo rústico de especial protección de espazos naturais, artigo.

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exige de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse a parcela coma dúas parcelas independentes, e polo tanto, a segregación realizarase sobre a porción de parcela clasificada coma solo urbano.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicáraselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.



1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.



Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peches de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

- Condicións en Solo Rústico:

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1^a.2.d. da LSG, ao solo non



urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen reglamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu



caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e disfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. LIÑA DE DELIMITACIÓN DE SOLO URBANO

A liña límite de clasificación do solo, encóntrase situada no entorno dos 30 metros desde a fronte da parcela cara a vía pública. De calquer xeito, para definila correctamente, será preciso que aporte levantamento topográfico xeoreferenciado en formato dixital, para poder definila sobre o mesmo con exactitude.



6. AFECCIÓNS SECTORIAIS

Segundo o DECRETO 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, encóntrase clasificada dentro da zona III, de Uso Xeral. Polo que será preciso solicitar autorización á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para levar a cabo cualquier actuación construtiva.

7. CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto a parcela é edificable, cumprindo cas condicións esixibles pola normativa urbanística vixente.

E se encontra en solo urbano consolidado, contando cas dotacións e servizos requiridos pola Lexislación urbanística.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Xosé María Fernández Pazos

Visto o escrito presentado por **Xosé María Fernández Pazos**, de data 20/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.653), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0615212NH0101N0005FK.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 09/02/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, con Rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira número 202400001653 do día 20 de xaneiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela e os usos permitidos de acordo coa normativa urbanística que resulta de aplicación.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 0615212NH0101N0005FK, no seu plano 3.11 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 1, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.



As condicións destas Ordenanzas son:

ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.

O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.

É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda colectiva

Usos admisibles: Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 100 m², Exceptuando as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas.

Fronte mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en planta baixa: Fondo máximo: 25 m

Ocupación en Sotos: 100% da parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Aliñación: As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

4.3. Condicións de volume

Número de plantas: As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:

Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático

Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático

CJ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático



C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático
C/ Monumento: B + 3P 4- Ático
C/ Noro: B + 3P + Ático
C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático
C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático
C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático
Praza do Concello: B -I- E + 4P 4- Ático
Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E -f- 2P + Ático
Avda. Pérez Galdós; B + E + 2P + Ático
Prolongación rúa Escorial: B + 4P 4- Ático

Polo que será a limitación de 3 plantas de altura.

Altura de comisa: Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m. para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

Altura de coroación: La cumieira situarase nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima. Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

Os patios de luces rexeranse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.

5. USOS PERMITIDOS

Tal e coma se recolle no apartado 1.2 referido anteriormente, o uso característico será o de vivenda colectiva, e coma usos admisibles, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

6. DATA DE APROBACIÓN DA CITADA NORMATIVA

O PXOM de Ribeira foi aprobado o 17 de decembro de 2002.

7. AFECCIÓN S ECTORIAIS

A parcela non presenta con afeccións sectoriais.

14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Torres Fernández

Visto o escrito presentado por **Manuel Torres Fernández**, de data 17/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.404), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A019012830000KW.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 09/02/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 17 de xaneiro de 2024.



2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunhas parcelas. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe, deberá solicitarse a autorización respectiva

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A019012830000KW, no seu plano 4.14 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias



Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm e cumprirán as mesmas condicións de separación, respectando as medianeiras e as galerías.
- Construcións auxiliares: Non se permiten
- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Patios: Cumprirán as condicións xerais da edificación.
- Outros:

Proxectarase un zaguán ou plataforma horizontal de 5 metros de profundidade e 3 metros de largo mínimo no acceso rodado da parcela con obxecto de non interferir bruscamente sobre o tráfico da rúa.

2.5. Condicións ambientais e estéticas



A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboledas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar. Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela. Comprende esta Ordenanza as zonas de solo urbano que presentan un desenvolvemento de carácter lineal apoiadas na rede viaria e que son utilizadas con fins residenciais colectivos. Perséguese completar a edificación existente ca tipoloxía mais usual neste tipo de implantacións, edificacións entre medianeiras tendendo a crear un ambiente mais urbano. Trátase dunha vivenda colectiva ca planta baixa destinada fundamentalmente á implantación de usos terciarios estando as restantes destinadas a vivenda.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

As parcelas obxecto deste informe encóntranse parcialmente dentro da Servidume de Protección de Costas, polo que para levar a cabo calquera actuación urbanística deberá contar ca preceptiva autorización de Costas.

15.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- I.F.G.G.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 07/02/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **I.F.G.G.**, mediante escrito de data 18/10/2023.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social (valoración e proposta)** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 07/02/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a **I.F.G.G.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **1.110,00 €**, en concepto de gastos de aloxamento en vivenda tutelada da asociación A Creba, por un período de tres meses (370,00 €/mes).

16.- SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS – Embelecemento do litoral galego 2024

VISTA a proposta presentada polo **Alcalde**, Luis A. Pérez Barral, de data 14/02/2024, relativa á resolución da Axencia de Turismo de Galicia (DOG nº 25, de data 5/02/2024), pola que se



establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, *no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento TU503G), para o proxecto denominado:*

“Ribeira Destino Litoral Sostible: Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque”

cun orzamento total de 145.000,00 € (IVA incluído), acepta expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras desas subvencións, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao amparo desta convocatoria hasta o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa a solicitude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1.- Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento de actuacións de embelecemento do litoral galego, *no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024* concorrendo co proxecto *“Ribeira Destino Litoral Sostible: Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque”* para cada unha das tres liñas de actuación cun orzamento total de 145.000, 00 €.
 - a) Liña 1: transición verde e ecolóxica para a rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral (80.000,00 €).
 - b) Liña 2: transición dixital dos recursos con potencial turístico no litoral (15.000,00 €).
 - c) Liña 3: transición accesible e inclusiva para un turismo máis competitivo (50.000,00 €).
- 2.- Que con data de 28/09/2023 esta entidade remitiu a conta xeral do exercicio orzamentario 2022 ao Consello de Contas de Galicia.
- 3.-Que as actuacións obxecto da solicitude de subvención non estaban iniciadas á data de 1 de xaneiro de 2024.
- 4.- Que esta entidade ten dispoñibilidade sobre algúns dos terreos e inmobles nos que se van a levar a cabo as actuacións, durante un período que, como mínimo, garante o cumprimento das obrigacións previstas no artigo 23 das bases.
- 5.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 6.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 7.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



8.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

17.- AMPLIACIÓN DE PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS. ACTIVIDADES CULTURAIS 2023 – Asociación Cultural e Mariñeira Desembarco en Areoso

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte maneiro, de data 08/02/2024, relativa á ampliación de prazo de xustificación de subvencións (Actividades Culturais 2023), no que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Jesús Manuel Paz Ayaso, de data 25/01/2024 e núm. 2024 2103 en calidade de representante da Asociación Cultural Desembarco en Areoso interesado na ampliación do prazo máximo de xustificación de subvencións culturais 2023.

De conformidade coa Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº 100 de data 29/05/2018) e extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de setembro de 2023 pola que se convocan as subvencións para entidades sen ánimo de lucro. Liña actividades culturais 2023 (BOP nº 180 de data 20/9/2023):

BOP Nº 100, data 29/05/2018.

6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Xustificación. O prazo de xustificación finalizará na data que se fixe en cada convocatoria específica, agás que se solicite e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois da data fixada en cada convocatoria, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable fixado por cada convocatoria.

BOP Nº 180, data 20/9/2023.

9.- XUSTIFICACIÓN.

Xustificación.

O prazo de xustificación será dun mes dende a data de notificación da concesión da subvención, agás que se solicite e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 29 de abril de 2024, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria celebrada en data 14 de decembro de 2023, que aproba as “Achegas para a Promoción de Proxectos desenvolvidos na liña de Actividades Culturais. Exercicio 2023”, entre outros, é beneficiario dunha achega a entidade que solicita esta prórroga:

- Expte.2023 BC_U000011

ASOCIACION CULTURAL E MARIÑEIRA DESEMBARCO EN AREOSO

Proxecto de coñecemento sobre o patrimonio marítimo galego.

Importe Subvención 910,88€ COEF. FINANC. 50,00% Importe a Xustificar 1.821,76€

Consta no expediente que a data de recepción da notificación deste acordo á A.C.M. Desembarco en Areoso é do 20/12/2023 ás 16:25:43 desde a IP 77.27.25.181.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Conceder á entidade solicitante -Asociación Cultural e Mariñeira Desembarco en Areoso- ampliación do prazo de xustificación, sen que se admitan xustificacións presentadas despois do 29 de abril de 2024, debendo referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.**

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN CARPA PARA CELEBRACIÓN CAMPAÑA “DÍAS TOLOS” – Asociación de Empresarios de Riveira

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva Betanzos Fernández, de data 14/02/2024, en relación co escrito presentado por Francisco Manuel Martínez Gude en representación da **Asociación de Empresarios de Riveira**, de data 09/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.432), no que solicita autorización para a instalación dunha haima de 3 m. x 3 m., o 24/02/2024, na Praza do Concello ou arredores, ou na Rúa de Galicia, no caso de choiva, co motivo da celebración da campaña “Días Tolos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a realización da “CAMPAÑA DÍAS TOLOS” na **Rúa de Galicia** (Ribeira); posto que a propia Praza do Concello está en obras e non é seguro poder realizar alí ningunha actividade.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO (PAELLA POPULAR) EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Felipe Fernández Carracedo (PENÍN)

VISTO o escrito presentado por **Felipe Fernández Carracedo**, en representación do establecemento “Gastrocervercería Penín”, de data 12/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.559), no que solicita permiso para evento (Paella Popular) no exterior do establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), o día 17/02/2024, en horario de 11:00h. a 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Felipe Fernández Carracedo, para evento (Paella Popular) no exterior do establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), o día 17/02/2024, en horario de 11:00h. a 16:00 h., debendo garantir as debidas **medidas de seguridade** e asegurándose da correcta **limpeza** da zona pública unha vez rematado o citados evento, así como nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”



5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Gastrocervercería Penín” (Ribeira) (**Felipe Fernández Carracedo**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Josefina Martínez Prol (OASIS)

VISTO o escrito presentado por **Josefina Martínez Prol**, en representación do establecemento “Café Bar Oasis”, de data 14/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.658), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Café Bar Oasis



destino" (Ribeira), todos os sábados de 2024, en horario de 21:00h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Josefina Martínez Prol**, para eventos musicais **no interior** do establecemento hostaleiro "Café Bar Oasis" (Ribeira), **os vindeiros catro sábados de 2024 (17 e 24/02/2024 – 02 e 09/03/2024)**, en horario de **21:00h. a 00:00 h.**, nas condicións establecidas pola "Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira", aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

"(...)"

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión "Vermú": entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

"(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Café Bar Oasis" (Ribeira) (**Josefina Martínez Prol**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

21.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA E PANEIS – José Antonio Pérez Martínez

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José Antonio Pérez Martínez**, de data 12/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.531), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa e paneis na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón (Ribeira), a partir do día 15/02/2024, co fin de dar información relativa á solicitude e xestión do cambio de ubicación dunha caseta da ONCE.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 13:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

